

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

RESOLUCIÓN do 31 de marzo de 2020 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 19 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de incorporación social en vivendas para pacientes estabilizados nas unidades asistenciais con especialización en drogodependencias da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, tramitada como expediente anticipado de gasto.

En cumprimento do disposto no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 16 da Orde do 19 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de incorporación social en vivendas para pacientes estabilizados nas unidades asistenciais con especialización en drogodependencias da Comunidade Autónoma de Galicia, procédese á publicación das subvencións concedidas en virtude da devandita orde.

Crédito orzamentario inicial: 210.000 €. O custo total das subvencións concedidas irá con cargo á aplicación 5001.413A.481.21, co código de proxecto 201400027, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

No que se refire aos beneficiarios, importes concedidos e finalidade da subvención: véxase o anexo.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2020

Jesús Vázquez Almuíña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO**Entidades beneficiarias de subvención**

Posto	Núm. expediente	CIF	Entidade	Programa	Importe adjudicado (€)
1	SA462B-2	G36642726	Asociación de axuda ao toxicómano. Érguete	Programa social de apoio a procesos terapéuticos I	42.000,00



Posto	Núm. expediente	CIF	Entidade	Programa	Importe adxudicado (€)
2	SA462B-3	G36642726	Asociación de axuda ao toxicómano. Érguete	Programa social de apoio a procesos terapéuticos II	42.000,00
3	SA462B-4	G36642726	Asociación de axuda ao toxicómano. Érguete	Programa social de apoio a procesos terapéuticos III	42.000,00
4	SA462B-5	G36208387	Asociación Rexurdir Provincial	Piso de apoio ao tratamento social e laboral ao drogodependente	42.000,00
5	SA462B-1	G32106429	Asociación ourensana de axuda al toxicómano ATOX	Piso de acollida para a incorporación social	42.000,00

